



Intervención da presidenta do Parlamento de Galicia na clausura do ciclo de conferencias “25 anos de municipalismo: pasado, presente e futuro da administración local”

Santiago de Compostela, 27 de abril de 2013, 14.00 h.

Presidente e vicepresidentes da Federación Galega de Municipios e Provincias,
Alcaldes,
Conselleiro Cultura, Educación e Ordenación Universitaria,
Amigas e amigos:

Compartir con todos vostedes este acto de clausura do ciclo de conferencias “25 anos de municipalismo: pasado, presente e futuro da administración local” é, para quen lles fala, unha auténtica honra.

Un privilexio pola transcendencia dos asuntos que se abordaron neste foro, pero tamén polo elenco de participantes, quer como relatores, quer como asistentes, nestas xornadas.

Non fai falta recordar que todo canto sucede no día a día dos nosos concellos ten traslado inmediato á Cámara galega, alimentando unha relación intensa que medra cada día.

Iso explica que, por exemplo, o Parlamento de Galicia fose o escenario elixido para rubricar a unificación do municipalismo galego en 1996, hai xa 16 anos.

Foi daquela cando a Federación Galega de Municipios e Provincias, a Federación de Concellos Galegos e a Federación de Concellos Rurais asinaron a súa fusión, un acordo que conduciu a un municipalismo máis forte e que medrou en capacidade de liderado, como demostran cada día o seu presidente, José Manuel Rey Varela, e as demais persoas que



conforman o equipo directivo da organización, aos que felicito expresamente.

Como é sabido, a Carta Magna de 1812 deu paso aos concellos constitucionais, nun proceso de cambio institucional encamiñado a edificar un sistema acaído ás necesidades daquel momento, superando definitivamente o réxime anterior.

Con máis ou menos axustes posteriores, a actual organización municipal ten as súas orixes no *Real Decreto de 23 de julio de 1835, para el arreglo provisional de los Ayuntamientos del Reino*, que recollía disposicións que, co paso do tempo, poden semellar rechamantes.

O texto sinala, por exemplo, que en determinados supostos, “Si la población estuviere dispersa y sin centro de reunión, como sucede en algunas provincias, se marcará el territorio correspondiente a cada ayuntamiento, que no deberá exceder de cuatro leguas en cuadro...”.

Por increíble que pareza, gran parte do mapa local resultante de aquela norma -347 concellos na Galicia de entón- tense mantido con escasas variacións desde hai xa máis de século e medio, practicamente impermeable aos sucesivos cambios rexistrados, incluída a implantación da democracia parlamentaria consagrada na Constitución de 1978, o desenvolvemento do Estado das Autonomías ou os avances rexistrados en todos os ámbitos da sociedade, nomeadamente no das comunicacións terrestres e as tecnoloxías da información.

Transcorrido un cuarto de século desde a articulación do municipalismo galego, precisamos novas referencias e enfoques que nos axuden, a todos, a articular solucións acaídas para os retos actuais.

Falo de necesidades e realidades que están na mente de todos, que estiveron presentes neste ciclo de conferencias que



estamos clausurando e das que, estou absolutamente convencida, se desprenderán conclusións de utilidade para xestionar con acerto os retos do municipalismo galego e español do século XXI.

Como sinala o preámbulo da vixente Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local, “o Municipio é o reduto das liberdades”. Manter esta aposta merece e require o apoio xeral. Pero aventuro que é posible seguir sendo fieis a ese espírito sen necesidade de ter como referencia as “catro leguas en cadro”.

Por iso, agardo que a participación neste ciclo de conferencias resultase de utilidade para todos. Esa será a mellor celebración posible dun aniversario tan significativo.

Moitas grazas e felicidades por estes 25 anos.